

ORDE DE PRELACIÓN PARA CUBRIR TEMPORALMENTE POSTOS BASE VACANTES CON COMISIÓN DE SERVIZOS, QUE SERÁ SEMPRE PREVIA A NOMEAMENTOS DE PERSOAL INTERINO:

1.- Motivos de saúde

Para o cambio de posto por motivos de saúde teñen que darse todos os requisitos previstos no artigo 27.7 da Lei 13/2007 da función pública de Galicia así como o artigo 66.bis do Real decreto 255/2006, a saber:

- Informe favorable do Servizo de Vixilancia da Saúde
- Existencia de posto vacante, dotado presupostariamente cuxo nivel de complemento de destino e específico, non sexa superior ao posto de orixe e que sexa de necesaria cobertura. Esta adscrición terá carácter provisional.

Se a resolución é favorable ao cambio de posto:

- O empregado percibirá as retribucións do nivel de complemento de destino que teña consolidadas e o complemento específico do posto que realmente ocupe.
- Se transcorrido un ano desde que se procedeu ao cambio de posto, non se observa melloría que lle permita ao traballador volver ao seu posto definitivo, este terá que concursar a un posto compatible co seu estado de saúde no primeiro concurso que se celebre (**facelo constar na resolución**). De non facelo, considerarase que o traballador se atopa en condicións de reincorporarse ao posto do que é titular.

2.- Comisións de servizo de acordo coa seguinte orde:

- 1.- Por cambio de campus (Lugo/Compostela). Se os/as solicitantes proceden doutra universidade, dado que non temos datos de acceso ás escalas de procedencia, este colectivo ordénase por antigüidade na USC.
- 2.- Acordo mobilidades Universidades Públicas Galegas
- 3.- Persoal do propio centro onde exista vacante
- 4.- Número de orde obtido na oposición de acceso á escala
- 5.- No caso de dúas solicitudes con estas características:
 - a) cambio de quenda
 - b) cambio de Campus

Procederese do seguinte xeito: se a vacante a cubrir coincide no Campus e quenda solicitada por a), cúbrese por a), e b) ven en C.S. substituindo a a).

Non se conceden Comisións de Servizo de postos base a posto base, dentro do mesmo Campus, **agás que leve implícita unha cambio de quenda**. Exemplo, en postos de AABM que hai quendas de mañá e de tarde. Así mesmo, farase cando sexa para cubrir vacantes ou duracións superiores a 1 ano.

CRITERIOS XERAIS PARA CUBRIR POSTOS SINGULARIZADOS EN COMISION DE SERVIZOS.

1.- Teñen preferencia as propostas que faga o centro no que se dea a necesidade a favor do persoal alí destinado.

2.- De non producirse a proposta anterior, ofértanse a postos base coa seguinte prelación:

- Pertenza á escala administrativa (a convocatoria mais antiga)
 - Número orde no proceso selectivo

- Pertenza á escala auxiliar